

É importante contabilizar os votos nulos e brancos, que se diferencian en:

VOTO EN BRANCO:

- Sobre sen papeleta.
- Voto a favor de candidatura retirada.
- Nas eleccións ao Senado, as papeletas que non se marcou candidato/a.

VOTO NULO:

- Sobre ou papeleta diferente ao oficial.
- Papeleta sen sobre.
- Sobres alterados.
- Papeletas con alteracións de carácter voluntario ou intencionado.
- No caso do Congreso, sobres con máis dunha papeleta de distintas candidaturas.
- No caso do Senado, se se marcan máis candidatos/as dos/das asignados/as.

3. Documentación Electoral

Prepárase a documentación electoral de cada proceso en 3 sobres.

Pecharanse os sobres e asinaranos a Presidencia, as Vogalías e os/as Interventores/as.

SOBRE 1.

- Acta de Constitución da Mesa.
- Acta de Sesión.
- Documentos aos que faga referencia a acta de sesión (lista numerada de votantes, papeletas nulas e reclamadas -que deberán asinarse no reverso ou cara en branco da papeleta polos membros da mesa e gardarse xunto coa acta de sesión-, listas do censo electoral utilizadas, certificacións censuais e/ou sentenzas xudiciais e copias do nomeamento dos/das interventores/as.
- Solicitudes de reintegro de gastos do voto por correo desde o estranxeiro.

SOBRE 2: Copias da Acta de Constitución e da Acta de Sesión.

A Presidencia entregará o sobre 1 e 2 ao Xulgado de Primeira Instancia ou de Paz correspondente.

SOBRE 3: Copias da Acta de Constitución e da Acta de Sesión.

O Sobre 3 entregaráselle ao persoal de correos correspondente.

Descarga o Manual de instrucións para as persoas que integran as Mesas:



Castellano



Catalá



Euskera



Galego



Valenciá



Aranés



ELECCIONES
GENERALES
J U L I O
2 0 2 3

**ELECCIÓN A CORTES
XERAIS
XULLO 2023**

**Breves instrucións para as
persoas que integran as
Mesas electorais**



<https://elecciones.generales23j.es/>

1. Composición da Mesa

A Mesa electoral está formada por:

- **Presidente ou Presidenta**, sendo a máxima autoridade do local electoral.
- **2 Vogais**.

Ademais, nomearanse 2 suplentes para cada unha das persoas integrantes da Mesa.

Dereitos e Obrigacións:

- Axuda de custo de 70 €.
- Permiso retribuído durante o día da votación, se é laborable.
- Redución de xornada de traballo de 5 horas o día despois das eleccións, en caso de traballar por conta allea e para persoal funcionario.
- Protección do sistema da Seguridade Social fronte continxencias e situacións derivadas da súa actividade.

A xornada electoral consta de 3 fases diferenciadas:

- ❖ FASE DE CONSTITUCIÓN.
- ❖ FASE DE VOTACIÓN.
- ❖ FASE DE ESCRUTINIO.

2. Desenvolvemento da xornada

Fase de Constitución: 08:00 – 09:00

- **Acreditación de Interventores/as** ante a Mesa. Compróbase a súa identidade e entregan os seus nomeamentos.
- **Comprobación do material electoral:**
 - Urnas identificadas pechadas e precintadas.
 - Cabina de votación.
 - Sobres e Papeletas, cor branca e sepia.
 - Listas do Censo.
 - Lista numerada de votantes.
 - Acta de constitución, 2 escrutinio e 2 sesión.
 - Certificados de votación e asistencia.
 - Persoal auxiliar para escrutinio do Senado.
 - Copia do nomeamento de interventores/as.
 - Xogo de 3 sobres e recibo de entrega.
- **Comprobación de accesibilidade** do local.
- Se o houber: **Comprobación do Kit de voto accesible** e a **listaxe de electores** que o solicitou.
- **Elaboración da Acta de Constitución**, asinada pola Mesa e interventores/as.

Fase de Votación: 09:00 – 20:00

1. **Identificación de votantes**

{	DNI
	Pasaporte
	Carné conducir
2. **Comprobación no Censo.** Se unha persoa non está incluída no censo non pode votar, excepto:
 - Certificado de alta no censo.
 - Sentenza xudicial.
 - Interventores/as acreditados/as, con determinados requisitos.Tampouco poderán votar os/as que solicitasen o voto por correo.
3. **Voto.**

Suposto de **INTERRUPCIÓN** de votación:

- **Ausencia de papeletas.** Comunícaselle á Xunta Electoral de Zona que subministrará as novas. Máx. 1 hora, con prórroga do mesmo tempo.

Suposto de **SUSPENSIÓN** de votación:

- Calquera motivo que faga **imposible o acto da votación**, previa consulta á Xunta Electoral de Zona.

Fase de Escrutinio: 20:00 en diante

O escrutinio é público e non se pode interromper.

1. **Voto por correo:** A Presidencia introducirá na urna respectiva os sobres remitidos por correo, comprobando que contén o certificado de inscrición no censo. Será anotado na lista numerada de votantes.
2. **Voto de Membros da Mesa e Interventores/as acreditados/as.**
3. **Apertura de urna.** A Presidencia extraerá os sobres, lerá e ensinará a papeleta a vogais, interventores/as e apoderados/as. Seguirase esta orde de escrutinio:
 - 1º Congreso dos Deputados.
 - 2º Senado.
4. **Os sobres conservaranse** para a súa comprobación coa lista de votantes.
5. A Presidencia preguntará se hai algunha **protesta** ou **reclamación**.
6. Finalizado o reconto, **destrúanse as papeletas** de votación, **excepto as nulas e as obxecto de reclamación**.
7. **Anuncio de resultados** de votación.
8. Cubrir a **acta de escrutinio** e a **acta de sesión**.
9. **Exposición** da acta de escrutinio na entrada do local.